



**INSTRUCCIÓN 6/2010 DA SECRETARÍA XERAL DA  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN  
UNIVERSITARIA, DE 12 DE XULLO, MEDIANTE A QUE SE  
DESENVOLVEN ASPECTOS DAS INSTRUCCIÓN 3/2010 E  
4/2010, RELACIONADOS COAS TAREFAS DE ATENCIÓN E  
APOIO AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR**

Os apartados 2.2 e 2.3 da Instrución 3/2010 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de 9 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión directa no curso escolar 2010-2011, e o apartado 4 da Instrución 4/2010 da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, de 9 de xuño, sobre funcionamento dos comedores escolares de xestión indirecta no curso escolar 2010-2011, sinalan textualmente, respecto dos encargados ou colaboradores do comedor que sexan nais, pais ou titores de alumnos/as que estean cursando actualmente estudos nos correspondentes centros docente:

*“En ningún caso poderán estas persoas desempeñar as ditas funcións de colaboración no comedor durante dous cursos escolares consecutivos, co que non poderán asumir tales cometidos as persoas que o realizasen durante o curso escolar 2009-2010. Soamente en casos nos que resulte motivada e probada a imposibilidade de alternancia no desenvolvemento das tarefas descritas, poderase, en virtude de autorización expresa da Secretaría Xeral da Consellería, excepcionalmente o cumprimento da regra xeral sinalada”.*

A tal efecto, resulta oportuno nestes momentos articular o procedemento que permita ofrecer un tratamento homoxéneo e regular da previsión referida en tódolos centros de ensino afectados por ela.

Neste sentido, exporase en ditos centros, ata o 30 de setembro de 2010, o **anuncio de apertura do prazo de admisión de membros**



**da comunidade educativa, como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2010-2011, que se recolle como Anexo I desta Instrución.**

Rematado o referido prazo, cada centro determinará as persoas que durante o curso 2010-2011 van a colaborar voluntariamente nas tarefas de atención e apoio dos alumnos comensais, elixindo en todo caso aquelas que non tiveran oportunidade no curso 2009-2010 de colaborar no comedor escolar.

No suposto de que o número de solicitantes non colaboradores do curso anterior non cubrira as necesidades existentes nos centros, de acordo coas esixencias da Orde do 21 de febreiro de 2007 (DOG do 5 de marzo de 2007), modificada pola Orde do 13 de xuño de 2008 (DOG do 19 de xuño de 2008), poderase pola Secretaría Xeral desta Consellería autorizar provisionalmente a colaboración de pais, nais ou titores legais de alumnos matriculados nos centros que xa actuaran voluntariamente no curso 2009-2010, logo de proposta xeral dos Departamentos Territoriais nese sentido

En ambos os dous casos os centros terán que presentar ante os Xefes Territoriais correspondentes os **certificados de exposición e resultado do anuncio de apertura do prazo de admisión de membros da comunidade educativa, como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2010-2011, recollidos como Anexo II desta Instrución.**

Dita autorización provisional se estenderá ata o 31 de decembro de 2010, data de remate final, no seu caso, da admisión de solicitudes de colaboración para o curso 2010-2011, para o cal nos centros de ensino que non obtiveron suficientes voluntarios que non colaboraran no curso anterior, o anuncio recollido no Anexo I da Instrución estará exposto ata dita data.



A partir do 1 de xaneiro de 2011 os centros remitirán aos Departamentos Territoriais os **certificados de exposición e resultado do anuncio de apertura do prazo de admisión de membros da comunidade educativa, como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2010-2011, referido no Anexo III desta Instrución.** Os Xefes Territoriais, á vista dos seus resultados, elevarán á Secretaría Xeral proposta de autorización definitiva para o curso 2010-2011, a favor dos membros da comunidade educativa aceptados para colaborar nas tarefas de atención e coidado do alumnado usuario do comedor escolar, aínda que o fixeran o curso anterior, por non existir solicitudes suficientes de pais, nais ou titores que non houbesen colaborado no 2009-2010.

Tal e como esixen as Instrucións 3/2010 e 4/2010, en todos os casos os membros da comunidade educativa aceptados como encargados ou colaboradores deberán, con carácter previo á realización das tarefas correspondentes, asinar a **declaración que se xunta como Anexo IV da presente Instrución, na que consta o carácter altruísta e a título de colaboración social desinteresada da súa prestación.**

Transitoriamente, durante o período de funcionamento dos comedores escolares que media entre o 10 e o 30 de setembro, as tarefas de atención e coidado do alumnado usuario poderán desenvolverse polas persoas que o solicitarán ata dito 10 de setembro, data de inicio do servizo de comedor, con independencia das súas circunstancias persoais.

Santiago de Compostela, 12 de xullo de 2010

O secretario xeral

Jesús Oitavén Barcala



## ANEXO I

ANUNCIO DE APERTURA DO PRAZO DE ADMISIÓN DE MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA DO CENTRO-----, COMO COLABORADORES VOLUNTARIOS NAS TAREFAS DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR DURANTE O CURSO 2010-2011.

As nais, os pais e os/as titores/a legais de alumnos deste centro de ensino, que desexen, ao longo do curso 2010-2011, colaborar de xeito altruísta nas tarefas de atención e apoio aos escolares usuarios do comedor escolar, poderán apuntarse nas listas de admisión, que, habilitadas para este fin, se atopan en Dirección.

O prazo para presentar solicitudes permanecerá inicialmente aberto ata o día 30 de setembro de 2010, podéndose reabrir un novo prazo, de ser o caso, ata o 31 de decembro de 2010.

Durante o curso escolar 2010-2011 so se contará coa colaboración das persoas que figuren anotadas nestas listas.

....., .... de ..... de 2010

O/a director/a do centro



ANEXO II

CERTIFICADO DE EXPOSICIÓN E RESULTADO DO ANUNCIO DE APERTURA DO PRAZO DE ADMISIÓN DE MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, COMO COLABORADORES VOLUNTARIOS NAS TAREFAS DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR DURANTE O CURSO 2010-2011.

.....,  
director/a ..... do  
centro.....  
.....

CERTIFICO:

- Que o anuncio de apertura do prazo de admisión de membros da comunidade educativa deste centro, como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2010-2011, permaneceron abertas e expostas nesta comunidade educativa ata o 30 de setembro de 2010.
- Que a relación de membros da comunidade educativa deste centro, apuntados nesas listas, que manifestaron o seu desexo de colaborar de xeito altruísta no comedor escolar foi a seguinte:

E para que así conste, asino este certificado.

En....., a..... de ..... de 2010



ANEXO III

CERTIFICADO DE EXPOSICIÓN E RESULTADO DO ANUNCIO DE APERTURA DO PRAZO DE ADMISIÓN DE MEMBROS DA COMUNIDADE EDUCATIVA, COMO COLABORADORES VOLUNTARIOS NAS TAREFAS DE ATENCIÓN E APOIO AO ALUMNADO USUARIO DO COMEDOR ESCOLAR DURANTE O CURSO 2010-2011.

.....,  
director/a ..... do  
centro.....  
.....

CERTIFICO:

- Que o anuncio de apertura do prazo de admisión de membros da comunidade educativa deste centro, como colaboradores voluntarios nas tarefas de atención e apoio ao alumnado usuario do comedor escolar durante o curso 2010-2011, permaneceron abertas e expostas nesta comunidade educativa ata o 31 de decembro de 2010.
- Que a relación de membros da comunidade educativa deste centro, apuntados nesas listas, que manifestaron o seu desexo de colaborar de xeito altruísta no comedor escolar foi a seguinte:

E para que así conste, asino este certificado.

En....., a..... de ..... de 2010



## ANEXO IV

D./D.<sup>a</sup> ....., con DNI.....

### DECLARO:

Que formo parte da comunidade escolar do centro.....,  
como nai,pai ou titor/titora legal de .....,  
alumno/a do dito centro no curso escolar 2010-2011.

Que fun proposto/a polo consello escolar do centro para desempeñar as tarefas  
de encargado/colaborador do comedor (márquese a opción que proceda)  
durante o curso 2010-2011.

Que fago constar o carácter voluntario e altruísta do meu labor, que realizo a  
título de colaboración social desinteresada, sen que implique ningún tipo de  
relación contractual ou doutro tipo coa Consellería de Educación e Ordenación  
Universitaria e pola cal percibo unha compensación económica polos gastos de  
dedicación e desprazamentos xerados pola miña colaboración.

....., ..... de ..... de 2010

Asdo.: